

Bo día,

Deseguido informamos das actividades sindicais da AGPTU nos últimos meses sobre os asuntos máis relevantes para o PDI.

1- Enquisas de avaliación docente:

Como informamos no correo electrónico enviado antes do verán, o 7 de xullo foron presentadas no rexistro xeral da Universidade as 458 sinaturas recollidas solicitando a desvinculación dos quinquenios e o resultado das enquisas. Entendemos que a campaña foi un éxito, pois acadou unha resposta moi positiva (o total de profesorado a tempo completo na nosa Universidade é de 1035, dos que 878 son funcionarios e 157 contratados, polo que asinaron o documento máis do 44 por cento dos profesores). Emporiso, a día de hoxe non hai movemento ningún por parte da Reitoría (nin en positivo nin en negativo). Pola nosa parte, entendemos que cómpre teimar neste asunto e exisir unha resposta antes de decidir os novos pasos a seguir. Por outra banda, tampouco coñecemos de ningunha reacción da Reitoría dirixida aos docentes que seguindo a recomendación da XPDI non facilitaron a realización da enquisa de avaliación docente. De calquera xeito, e dado que esta información é privada e non temos acceso a ela, dende aquí vos pedimos que, de terdes algunha información concreta sobre este punto nola fagades chegar ao noso enderezo electrónico.

2.- Funcionamento das distintas comisións creadas no seo da XPDI.

O balance que facemos dende a AGPTU deste apartado é moi negativo. A día de hoxe o único sindicato ao que parece interesarlle que as comisións funcionen é a AGPTU. Así, conseguimos que se reunira a comisión de condicións salariais e contractuais, onde presentamos unha serie de propostas que foron secundadas polo resto de centrais sindicais. Sobre a comisión de saúde laboral (que preside o presidente da XPDI) non está nin constituída. Algo semellante acontece coas outras dúas.

3.- Outras comisións

Comisión de Acción Social: Para nós este é un tema mal levado dende o comezo. Por desgraza, para mudar as cousas e facer cambios profundos deberíamos traballar todos os sindicatos xuntos, e ata o de agora a única representante do PDI que asiste ás xuntanzas é a delegada de AGPTU, Dna. Pilar Molist.

- Comisión do plano de pensións: Foi designado por parte de AGPTU D. José María Correa.
- Comisión de seguridade: Foi designada por parte de AGPTU Dna. Verónica Santalla.

4.- Plan Docentia e Cuantificación da Docencia nas novas Titulacións

Solicitouse información aos Vicerreitorados de Organización Académica e Profesorado e ó de Titulacións e Convergencia Europea. Polo de agora non hai resposta. De calquera xeito convén andar pendentes deste asunto, pois hai cousas pouco claras que nos afectan, como titorías, cuantificación das horas non presenciais, horas de traballo anuais do profesor, etc . Podedes consultar documentación relativa a este punto no enderezo web: <http://webs.uvigo.es/victce/>, no apartado *Implantación novos graos–Acordo Consello de Goberno 11 de xuño de 2008*.

5.- Borrador do Estatuto do persoal docente universitario

Existe unha comisión interministerial encargada de elaborar o borrador. O prazo previsto é curto, polo que é probable que a non tardar moito poidamos examinar o documento.

Polo de agora isto é todo. Non esquezaades que tedes a vosa disposición o noso enderezo electrónico: agptu@uvigo.es para poñervos en contacto con nós sobre calquera asunto que vos interese.

AGPTU - VIGO